

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

*RESOLUCIÓN do 24 de maio de 2013, do presidente do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se procede á convocatoria pública das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dirixidas ás persoas titulares das vivendas arrendadas no marco do Programa Aluga no exercicio 2013.*

O Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o Programa Aluga, para o fomento do alugamento de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 103, do 2 de xuño, corrección de erros DOG nº 114, do 17 de xuño) establece dúas modalidades de subvención dirixidas aos titulares das vivendas arrendadas no marco do citado programa: subvención para o financiamento parcial das obras e actuacións de reformas que precisen as vivendas para a súa incorporación ao Programa Aluga (artigos 38 a 41) e a subvención de gastos derivados do alugamento en contía equivalente a unha porcentaxe do recibo do imposto de bens inmobles (IBI) da última anualidade vencida e proporcional ao tempo que a vivenda estivese arrendada no ano 2012 (artigos 38 e 42).

Esta convocatoria suxéitase ao disposto na Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento, así como ao establecido no Decreto 84/2010, do 27 de maio.

De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co artigo 36 do Decreto 84/2010, do 27 de maio, e co artigo 4 do Decreto 317/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), a competencia correspóndelle ao presidente do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

En uso da referida autorización,

RESOLVO:

I. Bases xerais.

Primeira. *Bases reguladoras das subvencións dirixidas ás persoas titulares das vivendas incorporadas ao Programa Aluga*

As bases reguladoras das subvencións previstas nesta convocatoria están establecidas no título IV e, cando sexa de aplicación, no previsto no réxime transitorio do Decre-



to 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o Programa Aluga, para o fomento do alugamento de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 103, do 2 de xuño; corrección de erros DOG nº 114, do 17 de xuño).

### Segunda. *Obxecto*

1. Esta resolución ten por obxecto proceder á convocatoria no exercicio 2013, en réxime de concorrencia non competitiva, das seguintes liñas de axuda:

a) Subvención de obras e actuacións de reforma nas vivendas, regulada nos artigos 38 a 41 do Decreto 84/2010, do 27 de maio.

b) Subvención de gastos derivados do alugamento, regulada nos artigos 38 e 42 do Decreto 84/2010, do 27 de maio.

2. Esta convocatoria tamén será de aplicación ás solicitudes de axuda presentadas ao abeiro do establecido nas disposicións transitorias segunda e terceira do Decreto 84/2010, do 27 de maio, así como na disposición adicional quinta do citado decreto.

### Terceira. *Orzamento*

1. A aplicación do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2013 onde figuran os créditos con cargo aos cales serán atendidas as solicitudes da subvención para obras e actuacións de reforma nas vivendas, así como o importe ou contía máxima das subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2013, é a seguinte:

Aplicación orzamentaria	Importe máximo Exercicio 2013
07.81.451A.780.3	50.000,00 €

2. A aplicación do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2013 onde figuran os créditos con cargo aos cales serán atendidas as solicitudes da subvención de gastos derivados do alugamento, así como o importe máximo das subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2013, é a seguinte:

Aplicación orzamentaria	Importe máximo Exercicio 2013
07.81.451B.480.1	150.000,00 €



3. O importe máximo das subvencións obxecto desta convocatoria poderá incrementar-se en función das solicitudes e das dispoñibilidades orzamentarias nas citadas aplicacións, sempre que conorra algún dos supostos previstos no artigo 30º.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De producirse un incremento do crédito destinado á concesión destas subvencións publicarase no *Diario Oficial de Galicia*. En todo caso, a concesión das subvencións previstas nesta resolución quedará condicionada á existencia de dispoñibilidade orzamentaria no momento de ditar a resolución de concesión.

## II. Subvención de obras e actuacións de reforma.

### Cuarta. *Beneficiarias*

Serán beneficiarias da subvención de obras e actuacións de reforma as persoas físicas titulares dunha vivenda arrendada no marco do Programa Aluga, sempre que se cumpran os requisitos e condicións establecidos no artigo 38 do Decreto 84/2010, do 27 de maio, e se trate de obras subvencionables de acordo co establecido no seu artigo 39. Tamén poderán optar a esta modalidade de axuda as persoas xurídicas nos supostos previstos nas disposicións transitorias segunda e terceira do citado decreto.

### Quinta. *Contía da subvención*

A contía desta subvención determinarase de acordo cos criterios e límites establecidos no artigo 40 do Decreto 84/2010, do 27 de maio. Nos supostos previstos nas disposicións transitorias segunda e terceira do antedito decreto será aplicable a contía, ata o seu importe máximo, da subvención para a rehabilitación de vivendas prevista no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro.

### Sexta. *Solicitudes e documentación*

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.



Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel nas oficinas do Rexistro do Instituto Galego da Vivenda e Solo, das súas áreas provinciais ou dos seus servizos centrais ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folla do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria.

A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante.

A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica da Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

2. Xunto coa solicitude deberá presentarse, en orixinal ou copia compulsada, a seguinte documentación:

a) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e os xustificantes do seu pagamento, xunto cunha relación delas (no modelo anexo IB).

b) Declaración responsable do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 38.1 do Decreto 84/2010, do 27 de maio (no modelo anexo IC).

c) Declaración responsable das subvencións, axudas, recursos ou ingresos solicitados e/ou concedidos para a mesma finalidade polas administracións públicas competentes, entes públicos ou privados. Ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitarán nin percibirán outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade (no modelo anexo IC).

3. Coa presentación da solicitude, salvo denegación expresa en caso contrario, as persoas interesadas autorizan o IGVS para realizar as comprobacións oportunas que acredi-



ten a veracidade dos datos ou documentos presentados no procedemento administrativo, en particular para:

a) Consultar os datos relativos á identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co disposto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e pola Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

De non autorizar a consulta telemática da Administración, deberá presentar copia compulsada do DNI ou NIE da persoa solicitante.

b) Solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para o caso de que se denegue expresamente a autorización ao IGVS, para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e a Consellería de Facenda, deberá presentarse a documentación acreditativa de estar ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter débedas por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Sétima. *Prazo de presentación*

As solicitudes deberán presentarse entre a data de formalización do primeiro contrato de arrendamento e o día 15 do mes seguinte.

III. Subvención de gastos derivados do alugamento.

Oitava. *Beneficiarias*

Serán beneficiarias da subvención de gastos derivados do alugamento as persoas físicas que sexan titulares dunha vivenda arrendada no marco do Programa Aluga no ano 2012, sempre que se cumpran os requisitos e condicións establecidos no artigo 38 do Decreto 84/2010, do 27 de maio.

Novena. *Contía da subvención*

De acordo co establecido no artigo 42 do Decreto 84/2010, do 27 de maio, a contía desta subvención poderá acadar unha contía equivalente ao 50 % do importe do recibo



do imposto de bens inmobles (IBI) da última anualidade vencida (2012), correspondente á vivenda e, se for o caso, ao garaxe obxecto do contrato de arrendamento formalizado ao abeiro do Programa Aluga, co límite máximo de 100 € por vivenda e anualidade, e concederase en contía proporcional ao tempo en que a vivenda estivese arrendada na anualidade de referencia do recibo do IBI.

#### Décima. *Solicitudes e documentación*

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel nas oficinas do Rexistro do Instituto Galego da Vivenda e Solo, das súas áreas provinciais ou dos seus servizos centrais ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folia do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria.

A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante.

A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada, segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica da Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.



2. Xunto coa solicitude deberá achegarse, en orixinal ou copia compulsada, a seguinte documentación:

a) A documentación sinalada nas alíneas b), e c), do ordinal sexto, punto 2 da presente resolución.

b) Recibo do imposto de bens inmobles (IBI) da última anualidade vencida previamente liquidado, correspondente ao exercicio contributivo 2012, pertencente á vivenda e, se for o caso, o referente ao garaxe obxecto do contrato de arrendamento.

3. Coa presentación da solicitude, salvo denegación expresa en caso contrario, as persoas interesadas autorizan o IGVS para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos ou documentos presentados no procedemento administrativo, en particular para :

a) Consultar os datos relativos á identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co disposto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e pola Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

De non autorizar a consulta telemática da Administración, deberá presentar copia compulsada do DNI ou NIE da persoa solicitante.

b) Solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para o caso de que se denegue expresamente a autorización ao IGVS para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e a Consellería de Facenda, deberá presentarse a documentación acreditativa de estar ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter débedas por ningún concepto coa Administración pública da comunidade autónoma.

#### Décimo primeira. *Prazo de presentación*

O prazo de presentación das solicitudes desta subvención estenderase desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata o 15 de xullo de 2013.



## IV. Normas comúns.

Décimo segunda. *Órganos competentes para a instrución e resolución*

De conformidade co establecido no artigo 48.5 do Decreto 84/2010, do 27 de maio, a tramitación, instrución e formulación da proposta de resolución das subvencións dirixidas aos titulares das vivendas correspóndelle á dirección técnica de Actuacións en Alugamento e a competencia para resolver correspóndelle á directora xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Décimo terceira. *Prazo de resolución e notificación*

1. De acordo co establecido no artigo 48.4 do Decreto 84/2010, do 27 de maio, o prazo para ditar resolución será de cinco meses desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver.

2. As resolucións que se diten nestes procedementos serán notificadas aos interesados dentro do prazo de dez días a partir da data en que se ditaron, de acordo co previsto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Décimo cuarta. *Recursos*

As resolucións que se diten nos procedementos de concesión de subvencións previstas nesta convocatoria porán fin á vía administrativa. Contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a directora xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da dita xurisdición, nos prazos sinalados no artigo 48.6 do Decreto 84/2010.

Décimo quinta. *Autorizacións*

Ademais das autorizacións para a obtención de datos previstos no artigo 53 do Decreto 84/2010, do 27 de maio, coa presentación da solicitude ao abeiro desta convocatoria:

a) A persoa interesada autoriza expresamente o IGVS para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos previstos no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Poderanse





exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido destes rexistros, de conformidade co establecido no artigo 10 do Decreto 132/2006.

b) Comportará a autorización ao IGVS para que, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web.

Décimo sexta. *Obrigas dos beneficiarios e reintegro das subvencións*

Os beneficiarios das axudas previstas nesta resolución están suxeitos as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como ao reintegro das cantidades percibidas en concepto de subvención nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, e seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da citada lei, tal como se recolle nos artigos 49 e 52 do Decreto 84/2010, do 27 de maio.

Décimo sétima. *Solicitudes non atendidas no exercicio anterior*

As solicitudes de subvención non atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria no exercicio 2012 poderán solicitarse de novo neste exercicio económico, dentro do prazo dun mes desde a entrada en vigor da presente resolución.

Décimo oitava. *Entrada en vigor*

Esta resolución producirá efectos ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2013

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Presidente do Instituto Galego da Vivenda e Solo





**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

## ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓN DE OBRAS E ACTUACIÓNS DE REFORMA NAS VIVENDAS                  PROGRAMA ALUGA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>VI431E</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL NIF

ENDEREZO LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

EN CALIDADE DE

Terá que acreditar documentalmente a representación.

**ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide coa anterior)**

O do solicitante  O do representante

ENDEREZO LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS DA VIVIENDA ALUGADA NO PROGRAMA ALUGA**

ENDEREZO LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO

CÓDIGO DA VIVIENDA NÚMERO DE CONTRATO DE ALUGA REFERENCIA CATASTRAL

O solicitante declara que todos os datos que constan na solicitude son certos, e SOLICITA que lle sexa concedida a axuda establecida ao abeiro da resolución pola que se convocan as subvencións dirixidas ás persoas titulares das vivendas arrendadas no marco do Programa Aluga.

Autorizo o Instituto Galego da Vivenda e Solo, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI  NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo o Instituto Galego da Vivenda e Solo, de conformidade co artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, para a obtención do certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria de estar ao día das obrigas tributarias.

Autorizo o Instituto Galego da Vivenda e Solo, de conformidade co artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, para a obtención do certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social de estar ao día das obrigas fronte á Seguridade Social.

Autorizo o Instituto Galego da Vivenda e Solo, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a obtención do certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia de estar ao día das obrigas tributarias.

SI  NON





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

**ANEXO I**  
(Continuación)

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula el Programa Aluga, para o fomento do alugamento de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 24 de maio de 2013, do presidente do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se procede á convocatoria pública das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dirixidas ás persoas titulares das vivendas arrendadas no marco do Programa Aluga no exercicio 2013.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de

Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

CVE-DOG: kmf5qop5-zus6-dkx2-fiw1-uobtreyaoszho



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

## ANEXO IA

**DOCUMENTACIÓN**

- Para o caso de que non conste no expediente e de non autorizar á consulta telemática da Administración, DNI ou NIE da persoa solicitante.
- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, e os xustificantes do seu pagamento, xunto cunha relación delas (modelo anexo IB).
- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 38.1º do Decreto 84/2010, de 27 de maio (modelo anexo IC).
- Declaración responsable das subvencións, axudas, recursos ou ingresos solicitados e/ou concedidos para a mesma finalidade polas administracións públicas competentes, entes públicos ou privados, ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitaron nin se percibiron outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade (modelo anexo IC).
- Para o caso de denegar expresamente a autorización ao IGVS para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e a Consellería de Facenda, deberá presentarse a documentación acreditativa de estar ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter débedas por ningún concepto coa Administración pública da comunidade autónoma.

As solicitudes de subvencións de obras e actuacións de reforma nas vivendas deberán presentarse entre a data de formalización do primeiro contrato de arrendamento e o día 15 do mes seguinte.

De conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Decreto 84/2010, do 27 de maio, infórmase que as subvencións públicas tributan en concepto de incremento patrimonial na declaración do imposto da renda das persoas físicas.







**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

ANEXO IC

## DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS E DOUTRAS SUBVENCIÓNS

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL

NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**DECLARA RESPONSABLEMENTE:**
**1. CUMPRIMENTO DE REQUISITOS**

- Ter a vivenda á disposición do IGVS e ter formalizado un contrato de arrendamento ao abeiro do Programa Aluga.
- Non ter relacións de parentesco en primeiro ou segundo grao por consanguinidade ou afinidade coa arrendataria.
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, e non ser debedor/a por resolución de procedemento de reintegro de subvencións.
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia e cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da dita lei e coas previstas no Decreto 84/2010, do 27 de maio.
- A vivenda reúne as condicións e características establecidas no artigo 9 do Decreto 84/2010, do 27 de maio.
- A vivenda está á disposición do IGVS durante un prazo mínimo de cinco anos, de conformidade co sinalado no artigo 12 do Decreto 84/2010, do 27 de maio.

**2. OUTRAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS**

- Non ten solicitada nin, en consecuencia, concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade.
- Nas datas que a continuación se relacionan presentou as solicitudes ou, de ser o caso, fóronlle concedidas as seguintes axudas para a mesma finalidade:

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA OU ENTE PÚBLICO OU PRIVADO	TIPO DE AXUDA	DATA DE SOLICITUDE	DATA DE CONCESIÓN	CONTÍA

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

## ANEXO II

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS DE GASTOS DERIVADOS DO ALUGAMENTO: PROGRAMA ALUGA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>VI431H</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL  NIF

ENDEREZO  LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO

TELÉFONO  TELÉFONO MÓBIL  CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

EN CALIDADE DE

Terá que acreditar documentalmente a representación.

**ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide coa anterior)**

O do solicitante  O do representante

ENDEREZO  LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS DA VIVENDA ARRENDADA NO PROGRAMA ALUGA**

ENDEREZO  LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO

CÓDIGO DA VIVENDA  NÚMERO DE CONTRATO DE ALUGA  REFERENCIA CATASTRAL

O solicitante declara que todos os datos que constan na solicitude son certos, e SOLICITA que lle sexa concedida a axuda de gastos derivados do alugamento da vivenda arrendada no marco do Programa Aluga.

Autorizo o Instituto Galego da Vivenda e Solo, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI  NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo o Instituto Galego da Vivenda e Solo, de conformidade co artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, para a obtención do certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria de estar ao día das obrigas tributarias.

Autorizo o Instituto Galego da Vivenda e Solo, de conformidade co artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, para a obtención do certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social de estar ao día das obrigas fronte á Seguridade Social.

Autorizo o Instituto Galego da Vivenda e Solo, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a obtención do certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia de estar ao día das obrigas tributarias.

SI  NON





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

**ANEXO II**  
(Continuación)

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o Programa Aluga, para o fomento do alugamento de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 24 de maio de 2013, do presidente do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se procede á convocatoria pública das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dirixidas ás persoas titulares das vivendas arrendadas no marco do Programa Aluga no exercicio 2013.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de

Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo

CVE-DOG: kmf5qpp5-zus6-dkx2-fiw1-uobtreyaoszho



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**DOCUMENTACIÓN**

- Para o caso de que non conste no expediente e de non autorizar a consulta telemática da Administración, DNI ou NIE da persoa solicitante.
- Recibo do imposto de bens e inmobles (IBI) da última anualidade vencida previamente liquidado, correspondente ao exercicio contributivo 2012, pertencente á vivenda e, se for o caso, ao garaxe obxecto do contrato de arrendamento.
- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 38.1 do Decreto 84/2010, do 27 de maio (modelo anexo II B).
- Declaración responsable das subvencións, axudas, recursos ou ingresos solicitados e/ou concedidas para a mesma finalidade polas administracións públicas competentes, entes públicos ou privados, ou, de ser o caso, unha declaración de que non se solicitaron nin percibiron outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade (modelo anexo IIB).
- En caso de denegar expresamente a autorización ao IGVS para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e a Consellería de Facenda, deberá presentarse a documentación acreditativa de estar ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter débedas por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

O prazo de presentación de solicitudes de subvención de gastos derivados do alugamento rematará o 15 de xullo de 2013.

De conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Decreto 84/2010, do 27 de maio, infórmase que as subvencións públicas tributan en concepto de incremento patrimonial na declaración do imposto da renda das persoas físicas.





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

## ANEXO IIB

## DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS E DOUTRAS SUBVENCIÓNS

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL

NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**DECLARA RESPONSABLEMENTE**
**1. CUMPRIMENTO DE REQUISITOS**

- Ter a vivenda á disposición do IGVS e ter formalizado un contrato de arrendamento ao abeiro do Programa Aluga no ano 2012.
- Non ter relacións de parentesco en primeiro ou segundo grao por consanguinidade ou afinidade coa arrendataria.
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, e non ser debedor/a por resolución de procedemento de reintegro de subvencións.
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia e cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da dita lei e coas previstas no Decreto 84/2010, do 27 de maio.
- A vivenda reúne as condicións e características establecidas no artigo 9 do Decreto 84/2010, do 27 de maio.
- A vivenda está á disposición do IGVS durante un prazo mínimo de cinco anos, de conformidade co sinalado no artigo 12 do Decreto 84/2010, do 27 de maio.

**2. OUTRAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS**

- Non ten solicitada nin, en consecuencia, concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade.
- Nas datas que a continuación se relacionan presentou as solicitudes ou, de ser o caso, fóronlle concedidas as seguintes axudas para a mesma finalidade:

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA OU ENTE PÚBLICO OU PRIVADO	TIPO DE AXUDA	DATA DE SOLICITUDE	DATA DE CONCESIÓN	CONTÍA

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de 
